**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000053.**

**Excma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones) o vindeiro xoves día **26 de decembro de 2024**, **ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 27 DE NOVEMBRO, 4, 11, 18 DE DECEMBRO E A EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 16 DE DECEMBRO DE 2024.

**ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DE PRODUCIÓN, PARA LA FABRICACIÓN E ELABORACIÓN DE PRODUTOS PERTENCENTES Ó SECTOR ENERXÉTICO , ASÍ COMO AS INSTALACIÓNS , VESTIARIOS, COMEDOR E OFICINAS NECESARIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE, NA RÚA RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA, PARCELAS B2 E B3 DO PE AS GÁNDARAS (Expte: 2023/Y001/000151).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UN EDIFICIO NA RÚA DAS ARTES, NÚMERO 37 (Expte: 2022/Y001/000306).

**ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL**

**MEDIO RURAL**

4. FACTURA DO CONTRATO PARA O ALUGUEIRO DUNHA CARPA PARA A



Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-12-20 13:30:24.00)
CVD: 3RHpGiw89GIMjXrQlo8d
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 12307/2024

MURALLA patrimonio da humanidade

CELEBRACIÓN DUNHA XUNTAZA VECIÑAL NA PARROQUIA DE SAN XOÁN DE PENA (NADELA).

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

5. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CAMPAÑAS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL NA PRENSA ESCRITA DE ÁMBITO LOCAL (EL PROGRESO DE LUGO SL) - LOTE 1 - E NA PRENSA ESCRITA DE AMBITO AUTONÓMICO (LA VOZ DE GALICIA SL). APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2024/C003/000033.

**FOMENTO**

6. APROBA-LO TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TÓDALAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA USC .

7. EXECUCIÓN E EVALUACIÓN, NO EXERCICIO 2023, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

**PERSOAL**

8. RESOLUCIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE

MEDIO AMBIENTE MEDIANTE LIBRE DESIGNACIÓN.

9. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DUNHA POLICÍA LOCAL.

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

10. ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL Á ASOCIACION PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA. CIF G15044811, PARA O PROXECTO “LIMPEZA DE PELLETS EN PRAIA DO CONCELLO DE BARREIROS CON VOLUNTARIADO DO CONCELLO DE LUGO".

**ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LUNGUA**

**CULTURA**

11. CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA GAÑADORES PINTURA RÁPIDA 2024.

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

**ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Secretaria Xeral do Pleno, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**